CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2026

PRESIDENTA:

Dª Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
Dª María Luisa Fernández Santín
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

Dª Patricia Esther Espiñeira Galán

SECRETARIA XERAL:

Dª. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e catro minutos do día vinte e nove de setembro do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, Dª. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, Dª María Luisa Fernández Santín, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión a concelleira Dª Patricia Esther Espiñeira Galán.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 22 de setembro de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 22 de setembro de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

CVD: H8Q5PyhkYPPIm9ulLJ62 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

- Augas de Galicia, Resolución de 21 de setembro de 2026, pola que se amplía o prazo de xustificación da Resolución de 29 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (codigo de procedemento AU300B). DOG número 183, de 25 de setembro de 2026.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 18 ao 24 de setembro 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 717/2026 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 722/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
717/2026	18-09-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de setembro de 2026
718/2026	18-09-2026	Delegación funcións durante a duración da Xunta de Voceiros
719/2026	18-09-2026	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendas do traballo ao persoal municipal no mes de agosto de 2026 por importe de 45.539,95 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago de 45.539,95 euros, así como o seu pagamento
720/2026	18-09-2026	Convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións, en réxime de concorrencia, para o exercicio da venda ambulante en postos, grastro-buses (Food trucks) ou vehículos-tenda similares durante o Festival Rock in Cambre 2026. Aprobación da relación de solicitudes presentadas e da puntuación provisional das solicitudes e orde de prelación
721/2026	21-09-2026	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 24 de setembro de 2026
722/2026	22-09-2026	Asignar temporalmente ao conserxe-notificador, JGG e á conserxe do centro de formación ocupacional, MdelMCB, as funcións e tarefas propias do posto de traballo de conserxe de colexios públicos cando sexan requeridos para iso, dadas as necesidades de personal existente en tales centros educativos, por un prazo máximo de seis meses, de conformidade cos artigos 73.2 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público e 37.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

CVD: H8Q5PyhkYPPIm9ulLJ62 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, do Plan de Xestión de Residuos así como do Plan de Control de Calidade para a execución da obra denominada "Mejora funcional del paseo de los Templarios Fase 0 (El Temple). Concello de Cambre", incluída no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+Adicional 2/2023)." Expediente: 2024/C003/000005

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez quen, unha vez concedido, manifesta que xustifica a urxencia debido a que urxe a aprobación dos plans para que se inicien as obras, dado que é unha obra incluída no POS+ Adicional 2/2023.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

- 4 ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS ASÍ COMO DO PLAN DE CONTROL DE CALIDADE PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA "MEJORA FUNCIONAL DEL PASEO DE LOS TEMPLARIOS FASE 0 (EL TEMPLE). CONCELLO DE CAMBRE", INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 2/2023)." EXPEDIENTE: 2024/C003/000005

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 22 de setembro de 2026 (CVD: zejmnsfS0pnGHmHl7tNT), que transcrita di:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación tramitado para a execución da obra "Mejora funcional del paseo de los Templarios Fase 0 (El Temple). Concello de Cambre", incluída no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+Adicional 2/2023. Exp: 2024/C003/000005

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de agosto de 2026 polo que adxudicouse a obra á empresa "Novavial, S.L.", no prezo ofertado de 158.658,55 euros sen IVE (191.976,85 euros IVE incluído), cun prazo de execución da obra de 8 meses, formalizandose o contrato administrativo con data de 31 de agosto de 2026.

Visto o Programa de Traballo, o Plan de Seguridad e Saude, o Plan de Xestión de Residuos así como o Plan de Control de Calidade presentados pola empresa adxudicataria Novavial, S.L. (número de rexistro de entrada 202699900006292), de data 23 de setembro de 2026.

Visto o informe favorable emitido con data de 23 de setembro de 2026 (CVD: 90e5fwhH3y8Wc/Js7VqD) polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Jorge Cadórniga Gómez, no que entre outras cousas di:

CVD: H8Q5PyhkYPPIm9ulLJ62 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

(...)

Tras revisar o prazo de execución da obra de referencia, fixado en OCHO (8) MESES, segundo consta na cláusula cuarta do contrato administrativo de execución da obra e no epígrafe seis do cadro de características do contrato do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), así como o programa de traballos presentado polo contratista (rexistro de entrada nº 202699900006292, de data 23/09/2026), en aplicación da cláusula 18.2 do citado PCAP; e vistos o Plan de Seguridade e Saúde achegado pola empresa contratista (rexistro de entrada nº 202699900006292, de data 23/09/2026), de conformidade co disposto no artigo 7.2 do Real Decreto 1627/1997, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción; así como o Plan de Xestión de Residuos presentado pola mesma (rexistro de entrada nº 202699900006292, de data 23/09/2026), que se considera conforme ao disposto no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, e á Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular; así como o Plan de Control de Calidade presentado pola empresa contratista (rexistro de entrada nº 202699900006292, de data 23/09/2026), que se considera conforme ás determinacións establecidas no proxecto e na documentación contractual da obra, ***INFÓRMASE FAVORABLEMENTE*** *a documentación presentada e, en consecuencia, proponse para:*

- *Elevalo ao Órgano de Contratación para proceder á súa aprobación.*

(…)

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 391/2025, do 30 de abril, propoño a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Aprobar o Plan de Seguridad e Saude, o Plan de Xestión de Residuos así como o Plan de Control de Calidade presentados pola empresa adxudicataria Novavial, S.L, para a execución da obra denominada “Mejora funcional del paseo de los Templarios Fase 0 (El Temple). Concello de Cambre”, incluída no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+Adicional 2/2023).” (expediente: 2024/C003/000005).

Segundo: Notificar este acordo á empresa “Novavial, S.L.”, empresa adxudicataria do contrato.

Terceiro. Dar traslado do mesmo ao responsable do contrato e director da obra, para os efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante a sección do Contencioso Administrativo do Tribunal da instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da

CVD: H8Q5PyhkYPPIm9ulLJ62 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente".

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 29 de setembro de 2026 (CVD: zejmnsfS0pnGHmHl7tNT), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo

CVD: H8Q5PyhkYPPIm9ulLJ62 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/